



DATOS IDENTIFICATIVOS

Lingüística: Describir a linguaxe

Materia	Lingüística: Describir a linguaxe			
Código	V01G180V01201			
Titulación	Grao en Linguas Estranxeiras			
Descritores	Creditos ECTS	Carácter	Curso	Cuadrimestre
	6	FB	1	2c
Lingua impartición	Castelán			
Departamento	Tradución e lingüística			
Coordinador/a	Cabeza Pereiro, Maria del Carmen			
Profesorado	Cabeza Pereiro, Maria del Carmen Huzum , Amelia			
Correo-e	cabeza@uvigo.es			
Web	http://fatic.uvigo.es			
Descrición xeral	Esta materia prepara o alumnado para que comprenda a realidade lingüística do ser humano, fornecéndoo dos conceptos, da terminoloxía e das ferramentas necesarias para a descrición, análise e estudo das linguas.			

Competencias de titulación

Código	
A3	Adquirir os fundamentos teóricos e aplicados que ofrece a lingüística nos principais paradigmas do estudo e descrición das linguas, así como sintetizar, relacionar e describir as literaturas da primeira lingua estranxeira provenientes de distintos ámbitos culturais e sociais, períodos, xéneros e movementos
A4	Adquirir as ferramentas e técnicas metodolóxicas básicas para o estudo e a análise lingüística e literaria
A5	Adquirir os coñecementos necesarios para a comprensión, desenvolvemento, análise, avaliación e aproveitamento para o futuro profesional dos recursos lingüísticos e literarios
A6	Construír argumentos sólidos sobre os temas e textos a estudar, seguindo as convencións académicas, empregando evidencias suficientes que corroboren os razoamentos expostos, facendo uso dos recursos bibliográficos e electrónicos dispoñibles, especialmente os orientados á investigación lingüística e literaria e á docencia das linguas impartidas no grao
A7	Participar en debates e actividades en grupo, desenvolvendo un pensamento autónomo e crítico, realizando contrastes críticos e respectuosos, e mostrando actitudes de tolerancia cara á diversidade social e cultural dos países das diversas linguas estranxeiras, de defensa de dereitos fundamentais, de principios de igualdade e de valores democráticos
A8	Formular razoamentos críticos a respecto dos campos de estudo lingüístico e literario que conduzan á adquisición dun método sólido de análise lingüística e literaria para alén da mera aproximación subxectiva e intuitiva ás linguas e textos obxecto de estudo
A9	Planificar, estruturar e desenvolver ensaios escritos e presentacións orais nas diversas linguas estranxeiras, formulando hipóteses, utilizando unha metodoloxía apropiada para transmitir ideas de xeito eficaz e válido, seguindo as convencións académicas e empregando evidencias suficientes que corroboren os razoamentos expostos
A10	Mostrar coñecemento sobre outras culturas e expresións artísticas e ser competente para sensibilizar as persoas do entorno na apreciación da diversidade, interculturalidade e multiculturalidade. Así mesmo, explorar as repercusións sociais, profesionais, educativas e culturais dos usos lingüísticos e da aprendizaxe das linguas estudadas no grao
A11	Visibilizar e valorar as contribucións feitas polas mulleres á literatura e á cultura producida no primeiro idioma estranxeiro nos seus diferentes ámbitos xeográficos e culturais. De igual modo, identificar os mecanismos de exclusión e discriminación das mulleres na linguaxe e adquirir formación no uso de linguaxe inclusiva
A12	Ser competente para utilizar as novas tecnoloxías como recurso metodolóxico, de investigación, didáctico e de comunicación
A13	Ampliar o interese polas linguas, a literatura, a cultura, e pola lingüística teórica e aplicada
B1	Que as/os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral, e que se atopa frecuentemente a un nivel que, aínda que se apoia en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo

Competencias de materia	
Resultados de aprendizaxe	Competencias
- Coñecer as ferramentas conceptuais e analíticas que ofrece a lingüística para o estudo e descrición das linguas.	A3 A4 A11
- Desenvolver a capacidade de comprender lecturas introdutorias.	A4 A6 B1
- Adquirir coñecementos sobre as aplicacións da lingüística.	A3 A4 A12
- Ser competente para distinguir os contidos esenciais dos accesorios.	A8
- Ser competente para resolver exercicios de carácter básico.	A4 A7 A9
- Desenvolver a habilidade de traballar con datos de linguas descoñecidas, nun nivel básico.	A4 A10
- Desenvolver a habilidade de trasladar as ferramentas e problemas tratados ás linguas de especialización do alumnado.	A4 A5
- Adquirir coñecementos sobre a capacidade lingüística humana e as linguas do mundo.	A13

Contidos

Tema	
1. Caracterización xeral da linguaxe	Orixe e evolución da linguaxe. Comunicación e linguaxe. Propiedades características da linguaxe humana.
2. Linguaxe e sociedade	Linguas e variedades lingüísticas. A diversidade lingüística no mundo. A variación social da linguaxe
3. O uso da linguaxe	Pragmática. Análise do discurso.
4. A estrutura das linguas	Fonética e Fonoloxía. Gramática. Semántica.
5. Linguaxe e mente	Linguaxe e pensamento. Linguaxe e cerebro. Adquisición da linguaxe. Bilingüismo e aprendizaxe de segundas linguas.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	1	0	1
Sesión maxistral	27	0	27
Estudo de casos/análises de situacións	8	22	30
Resolución de problemas e/ou exercicios de forma autónoma	0	46	46
Titoría en grupo	4	4	8
Probas prácticas, de execución de tarefas reais e/ou simuladas.	2	12	14
Probas de autoavaliación	0	18	18
Probas de resposta curta	6	0	6

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Actividades introdutorias	Presentación da materia: metodoloxía, contidos e avaliación.
Sesión maxistral	Presentación introdutoria de contidos.
Estudo de casos/análises de situacións	Presentarase un tema a debate, tomado da historia da lingüística ou da realidade cotiá. O alumnado desenvolverá o seu xuízo crítico para analizar as situacións propostas.
Resolución de problemas e/ou exercicios de forma autónoma	A partir dos datos e das instrucións que se proporcionen na aula, a alumna ou alumno deberá dar coa resposta adecuada a problemas ou exercicios.
Titoría en grupo	A profesora resolverá as dúbidas que teña o alumnado tanto no que se refire aos conceptos introducidos como a forma de resolver os problemas ou casos. Para iso, poderá aportar información adicional.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Titoría en grupo	O profesorado supervisará o traballo realizado polo alumnado durante a realización de exercicios sobre os contidos da materia.

Avaliación		
	Descrición	Cualificación
Estudo de casos/análises de situacións	Pedirase ao alumnado que emita un xuízo razoado sobre un caso ou unha situación lingüística. Pode facerse tomando como base un texto.	20
Resolución de problemas e/ou exercicios de forma autónoma	A adquisición de competencias activas no desenvolvemento de problemas do ámbito da lingüística será avaliada de xeito continuo, a través da revisión dos exercicios entregados.	30
Probas prácticas, de execución de tarefas reais e/ou simuladas.	As alumnas e alumnos deberán resolver exercicios de análise lingüística, nun nivel básico, de linguas diferentes	30
Probas de resposta curta	O alumnado responderá por escrito, de xeito conciso e razoado, ás cuestións que se lle plantexen.	20

Outros comentarios sobre a Avaliación

A avaliación é continua. Requírese o 80% de presencialidade na aula.

As alumnas e alumnos que se vaian acoller á modalidade semipresencial deberán comunicalo á profesora, por correo electrónico ou por calquera outro procedemento, ao comezo do cuadrimestre e non máis tarde do 15 de febreiro de 2012. Neste caso esixírase a asistencia ao 40% das sesións presenciais. Estableceranse procedementos de avaliación continua, equivalentes aos que realiza o alumnado presencial, a través da plataforma de e-learning.

Existe unha modalidade alternativa de avaliación única para que o alumnado que non vaia seguir o sistema de avaliación continua por algunha das causas que recollen as normativas aplicables (por exemplo, por simultanear os estudos cunha actividade laboral) e que deberá xustificarse, en todo caso, durante as primeiras semanas de impartición da materia, e nunca despois do 15 de febreiro.

A modalidade alternativa de avaliación única consistirá nunha proba escrita na cal se avaliará o grao de adquisición das competencias específicas da materia, poñendo especial atención na adquisición dos conceptos básicos e na habilidade de solución de problemas relacionados coa linguaxe e as linguas.

Quen non consiga cumprir os mínimos requiridos para aprobar polo sistema de avaliación continua poderá facer unha proba final, na data oficial de xullo (con vistas á segunda edición de actas). Tamén poderá optar a esta segunda oportunidade aquel alumnado que non superase a materia na primeira edición das actas polo sistema de avaliación única. Consistirá nunha proba escrita na cal se avaliará o grao de adquisición das competencias específicas da materia, poñendo especial atención na adquisición dos conceptos básicos e na habilidade de solución de problemas relacionados coa linguaxe e as linguas.

Se se precisa unha adaptación da avaliación por razón de discapacidade, debe informarse á profesora coa debida antelación. Deberá aportarse documentación xustificativa.

Bibliografía. Fontes de información

En cada tema darase unha bibliografía específica. Wikipedia **non** é bibliografía de referencia.

Como texto base vaise utilizar: **Yule, George (2007): *El lenguaje*. Madrid: Akal [FFT YUL len]**

Bibliografía básica:

Alcaraz, E. (2004): *Diccionario de lingüística moderna*. Barcelona: Ariel.

Crystal, D. (1997): *The Cambridge Encyclopedia of Language*. 2ª edic. Cambridge: Cambridge University Press.

Escandell, Mª. V (coord.) (2009): *El lenguaje humano*. Madrid: Editorial Universitaria Ramón Areces / UNED.

Escandell, Mª V. (2011): *Invitación a la lingüística*. Madrid: Editorial Universitaria Ramón Areces / UNED

Fromkin, V. & R. Rodman (1983). *An Introduction to Language*. Nova York: Holt, Rinehart & Winston. (5ª ed.) [Trad. al portugués: (1993). *Introdução à Linguagem*. Coimbra: Almedina.]

Grimes, B. (2000): *Ethnologue: languages of the world*. Dallas: Summer Institute of Linguistics

Ramallo, F. G. Rei-Doval & X.P. Rodríguez Yáñez (eds.) (2000). *Manual de Ciencias da Linguaxe*. Vigo: Edicións Xerais

Recomendacións

